

Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas (2026 - 2027)

TR301X Información para **empresas**

Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a **persoas traballadoras ocupadas** e dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral **conducentes a unha formación formal total ou parcial incluída nun certificado profesional**, ou á adquisición de competencias clave



Prazo aberto das 9:00 h do
27 de xaneiro ás 20:00 h do
30 de setembro de 2026

Orzamento 2026
4.000.000 €



Entidades beneficiarias

- As **empresas** e as **entidades sen ánimo de lucro** que, con anterioridade á data de presentación da **solicitud** de subvención, estean acreditadas ou, de ser o caso, inscritas para impartiren **no ámbito da Comunidade Autónoma** as ofertas formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C e/ou as competencias clave para as cales soliciten subvención, xa sexa na modalidade presencial ou virtual, entendida esta última como modalidade de teleformación.
- Deberán estar acreditadas ou inscritas no **Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia** ou, no caso da modalidade virtual, no correspondente rexistro estatal.

Para poder ser beneficiarias, as entidades deberán contar como mínimo co **compromiso de participación do 30 % das persoas participantes programadas** para poder iniciar a acción formativa, así como do **personal docente acreditado** encargado da súa impartición.



Persoas destinatarias da formación

- As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse ás **persoas traballadoras ocupadas**.

A consideración de **persoa traballadora ocupada** virá determinada pola situación laboral da persoa na **data de validación da acta** de selección polas oficinas de emprego. As persoas traballadoras ocupadas que accedan á situación de desemprego no período formativo poderán seguir participando na acción que estean a cursar.

Mínimo e máximo de participantes por acción:

Modalidade **presencial**

Mínimo

8

persoas

Máximo

15

persoas

Modalidade **virtual**

15

persoas

30

persoas

Prazo límite para a
execución das accións
formativas

29/11/2026

Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas (2026 - 2027)



Selección do alumnado

- » A selección do alumnado participante nas accións formativas **será realizada pola entidade beneficiaria.**
- » Dentro das actividades de difusión e promoción para a selección do alumnado, as entidades beneficiarias poderán realizar **convocatorias públicas nos medios e canles que consideren.**

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Nestes anuncios, que deberán estar redactados en lingua galega sen prexuízo de que se publique noutros idiomas, deberá facerse constar o carácter público do financiamento da actividade subvencionada, e incluírse neles o emblema da Xunta de Galicia e o dos organismos que financian a formación.

- » Darase conta da selección á oficina de emprego correspondente a efectos da **validación da acta de selección** no prazo de 5 días naturais.



Intensidade da axuda

- » O réxime de **concesión e xustificación** da subvención será a través de **módulos económicos**, coas contías establecidas para cada **especialidade formativa** no anexo III da convocatoria.

**Contía
modalidade
presencial**

$$\left[\text{N}^{\circ} \text{ de participantes para os que a entidade solicita subvención} \right] \times \left[\text{N}^{\circ} \text{ de horas do programa formativo} \right] \times \left[\text{Módulo económico específico (anexo III)} \right]$$

**Contía
modalidade
virtual**

Será de aplicación o **70 % do importe do módulo económico presencial** euro/hora por persoa alumna, cunha **contía máxima de 6 €**

A valoración económica dos módulos transversais será a mesma que a establecida no anexo III para os contidos específicos da acción formativa.

Custos adicionais derivados da contratación de persoas especializadas na atención do alumnado con discapacidade

16 €
por hora lectiva

Gastos para a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade

500 €
máximo por alumno/a

Formación en empresa (por hora de prácticas efectivamente titorizada) para financiar custos da titoración e a subscripción das pólizas de seguros.

3 €
por persoa alumna